



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

A C O R D O :

Na cidade de Ourense, a tres de outubro de mil novecentos noventa e seis.

VISTO o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común denominado "FONTELA", a solicitude dos veciños da parroquia de Piñeira de Arcos, Concello de Sandiás.



RESULTANDO que con data 13 de xuño de 1984, tivo entrada na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado por D. Ismael Fernández Gándara, D. Adolfo Feijóo Martínez e outros veciños da parroquia de Piñeira de Arcos, solicitando se declare o monte como veciñal en man común.

RESULTANDO que o Xurado Provincial en sesión celebrada o día 30 de xullo de 1987, acordou tomar en consideración o citado



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

escrito e inicia-lo expediente de clasificación do monte designando instructora do mesmo a D^a. Elena Barca Ramos, quen aceptou tal cargo, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia, e remitíndose comunicacións dirixidas ós veciños da parroquia, ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Sandiás, e ós Xefes dos Servicios de Estructuras e Desenvolvemento Rural, e de Montes e Industriais Forestais, da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, publicándose Edictos no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (B.O.P. nº 291, do luns do 21 de decembro de 1987), e no taboleiro de anuncios do Concello de Sandiás, durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia extendida ó dorso do Edicto, polo Secretario do Concello, que durante o prazo sinalado en Edictos para que os interesados pudesen comparecer ou intervir no mesmo, en defensa dos seus dereitos, non consta presentada ningunha alegación.



RESULTANDO que a anotación preventiva de iniciación do expediente, practicouse no Rexistro da Propiedade de como segue:

Tomo 555. Libro 31 de Sandiás, Folio 153, finca número 4.355, anotación A.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

RESULTANDO que na tramitación do expediente cumpríronse tódalas formalidades legais.

RESULTANDO que, en data vinteún de marzo de 1996, o Xurado, por unanimidade dos seus membros acordou << facultar a D. Manuel Bouzas Costa e D. José Manuel Baltar Blanco, para o estudio das actuacións administrativas que sexan convalidables logo do tempo transcurrido dende o inicio das mesmas>>.

VISTOS, a Lei Galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento de 4 de setembro de 1992, así como o establecido na Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

CONSIDERANDO que o Xurado Provincial de Clasificación de montes veciñais en man común, ten Xurisdicción e competencia para coñecer-los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

CONSIDERANDO que o tipo de comunidade xermánica que institue a Lei de Montes Veciñais en man común ten como características





CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

esenciais as seguintes: 1) Que os condominios únense por vínculos persoais de vecindade agrupados en parroquias, aldeas, lugares, caseríos ou barrios non constituídos formalmente en Entidades municipais; 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado; 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cuota no sentido xurídico - romano; 4) Que o patrimonio e a participación é inalienable, imprescriptible e inembargable; e 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comuneiros pedi-la "actio communi dividundo".



CONSIDERANDO que segundo informacións e testimonios resulta os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños da parroquia de Piñeira de Arcos, no Concello de Sandiás.

Os datos do citado monte son:

- Concello: SANDIÁS
- Denominación: FONTELA
- Superficie: 47.916 áreas



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

- Extremas:

Norte: monte comunal de Casnaloba e terreos
particulares

Sur: propiedades particulares

Leste: propiedades particulares

Oeste: propiedades particulares

CONSIDERANDO que das informacións recollidas resulta que os veciños da parroquia de Piñeira de Arcos, están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.



CONSIDERANDO que a teor do disposto na Lei de Montes Veciñais en Man Común, o expediente de clasificación iniciouse por Acordo do Xurado, a instancia dos veciños da parroquia.

O XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros.

A C O R D A:

PRIMEIRO.- CLASIFICA-lo monte denominado FONTELA de 47.916



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN


Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

áreas de superficie, aproximadamente, a favor dos veciños da parroquia de Piñeira de Arcos, no Concello de Sandiás, e coas extremas descritos no Considerando terceiro, como veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

SEGUNDO. - Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou Rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor da persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.



Notifíquese esta Resolución ó Sr. Alcalde - Presidente do Concello, ó representante da comunidade veciñal, ó Sr. Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, ós que se lles fará saber que contra esta resolución que esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo, previa comunicación á que se refire o artigo 110. 3º da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de **DOUS MESES** perante a Sala do contencioso - administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución no Diario Oficial de Galicia.





Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **17 de abril de 2023** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

IV.- Solicitud de revisión de esbozo do MVMC "Veiga do Teso", "Corga", "Fontela", "Paraños" e "Casa Nova", pertencente aos veciños de Piñeira de Arcos, no concello de Sandiás.

O Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense emitiu un informe o día 25 de novembro de 2022 no que recolle diversas consideracións.

En primeiro lugar, comprobouse que existe un un desvío da liña de termo real respecto da que actualmente consta no Mapa Topográfico Nacional. Como consecuencia, os terreos dentro das parcelas 32002A09300157, 32002A09300737, 32002A10400624, 32002A10400106, 32078A16300383, 32078A16309006, 32078A16909004, 32078A17600055, 32078A17600057, 32078A17600059, 32078A17609004 e 32078A17609009 incluídos pola comunidade na súa proposta, estarían situados dentro do T.M. de Sandiás, polo que o Xurado acorda a súa inclusión. Non obstante, no caso da parcela 32002A09300157, hai unha parte dos terreos que rebasan a liña do termo real, polo que hai que recortar a parte que invade o concello de Allariz.

Por outro lado, a revisión de esbozo afecta a dúas zonas de concentración parcelaria: a de Arcos, rematada no ano 1999, e Sandiás-Piñeira de Arcos, rematada no ano 2000. Os terreos situados no excluído da zona de concentración parcelaria deben incluírse na revisión do esbozo, e en consecuencia as parcelas enteiras incluídas deben ser excluídas da revisión. Tampouco se inclúen na revisión de esbozo os camiños, que teñen a función principal de servir as fincas. E no caso de parcelas que están afectadas por discrepancias leves con Catastro, considérase que a falta dun levantamento topográfico que demostre que están excluídas, se entende que son terreos de concentración.

Por último, a revisión tamén afecta a diversas infraestruturas viarias, en concreto a terreos da Autovía A-52, a terreos ocupados pola estrada N-525 e máis pola estrada autonómica OU-320. O Xurado considera que neste caso deben incluírse na





revisión aqueles terreos que formaban parte da clasificación e excluír aqueles que non estaban incluídos, e modificar os terreos incluídos de acordo coa topografía.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado

Luis Jorge Álvarez Ferro

Asinado por: ALVAREZ FERRO, LUIS JORGE
Cargo: Xefe territorial
Data e hora: 13/12/2023 09:21:08

Asinado por: RODRIGUEZ JIMENEZ, IVAN
Cargo: Xefe de Sección do Servizo Xurídico-
Administrativo
Data e hora: 12/12/2023 13:16:40

CVE: 4Zavm1uONBE1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 11 de outubro de 2023, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 10 de outubro de 2023 relativa á solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes do monte veciñal en man común Lagoa, Fontela, Paraños, Devesas, Casanova e outros, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Piñeira de Arcos, no concello de Sandiás.

Examinada a solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes do monte veciñal en man común (MVMC) Lagoa, Fontela, Paraños, Devesas, Casanova e outros, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) de Piñeira de Arcos, no concello de Sandiás, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. O 12.6.2020 a CMVMC de Piñeira de Arcos presentou no Rexistro da Xefatura Territorial do Medio Rural en Ourense (nº 2020/1077805) unha solicitude, dirixida ao Servizo de Montes, para que sexa aceptada a revisión do esbozo do MVMC Lagoa, Fontela, Paraños, Devesas, Casanova e outro, con respecto aos predios particulares.

Coa solicitude achegaron a seguinte documentación:

- Certificación do acordo da Asemblea Xeral do 1.6.2020.
- Documento relativo á proposta de revisión do esbozo.
- Arquivos xeográficos en formato vectorial.

Segundo. O Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense emitiu un informe o día 15 de decembro de 2021 en relación coa citada solicitude. O informe recollía unha serie de consideracións que obrigarían a introducir modificacións sobre a proposta inicial e relativas aos seguintes puntos:

- Existencia na liña proposta de varios tramos lindeiros con outras CMVMC, suposto que, segundo o establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, se debe abordar mediante un procedemento de conciliación ou deslindamento.



- Ausencia de informes de validación gráfica positivos da representación gráfica xeorreferenciada alternativa, emitidos pola Dirección Xeral do Catastro, no caso daquelas parcelas que non se axustan á cartografía catastral.

- Inclusión total ou parcial, dentro da liña proposta, de varias parcelas procedentes da concentración parcelaria de Sandiás-Piñeira de Arcos, rematada no ano 2000 coa entrega dos títulos de propiedade.

- Inclusión de terreos ocupados por diversas infraestruturas viarias, susceptibles de constituiren dominio público adscrito ao Servizo de Estradas.

Terceiro. O día 23 de febreiro de 2023 o Servizo de Montes emitiu un novo informe en que volve incidir nos citados puntos.

Consideracións legais e técnicas:

Único. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

De acordo con ela, os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade, non reúnan as características de fiabilidade e precisión que exigen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión e axustaranse e completaranse con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular os requiridos para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade.

Como xa se indicou nos antecedentes de feito, o 23 de febreiro de 2023 o Servizo de Montes emitiu un informe en relación coa solicitude presentada.

En primeiro lugar, comprobouse que existe un desvío da liña de termo real respecto da que actualmente consta no Mapa topográfico nacional. Como consecuencia, os terreos dentro das parcelas 32002A09300157, 32002A09300737, 32002A10400624, 32002A10400106, 32078A16300383, 32078A16309006, 32078A16909004, 32078A17600055, 32078A17600057, 32078A17600059, 32078A17609004 e 32078A17609009, incluídos pola comunidade na súa proposta, estarían situados dentro do termo municipal de Sandiás, polo que o Xurado acorda a súa inclusión. Non obstante, no caso da parcela 32002A09300157, hai unha parte dos terreos que excedan a liña do termo real, polo que hai que recortar a parte que invade o concello de Allariz.



Por outro lado, a revisión de esbozo afecta dúas zonas de concentración parcelaria: a de Arcos, rematada no ano 1999, e Sandiás-Piñeira de Arcos, rematada no ano 2000. Os terreos situados no excluído da zona de concentración parcelaria deben incluírse na revisión do esbozo e, en consecuencia, as parcelas enteiras incluídas deben ser excluídas da revisión. Tampouco se inclúen na revisión de esbozo os camiños, que teñen a función principal de servir os predios. E no caso de parcelas que están afectadas por discrepancias leves con Catastro, considérase que, á falta dun levantamento topográfico que demostre que están excluídas, se entende que son terreos de concentración.

Por último, a revisión tamén afecta diversas infraestruturas viarias, en concreto terreos da autovía A-52, terreos ocupados pola estrada N-525 e mais pola estrada autonómica OU-320. O Xurado considera que neste caso deben incluírse na revisión aqueles terreos que formaban parte da clasificación e excluírse aqueles que non estaban incluídos, así como modificar os terreos incluídos de acordo coa topografía.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe do Servizo de Montes do día 23 de febreiro de 2023, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou por unanimidade o día 17 de abril de 2023:

Aprobar a proposta de revisión de esbozo do monte veciñal en man común Lagoa, Fontela, Paraños, Devesas, Casanova e outros, pertencente á CMVMC de Piñeira de Arcos, no concello de Sandiás.

Ourense, 11 de outubro de 2023

Luis Jorge Álvarez Ferro
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**


CORRECCIÓN DE ERROS. Anuncio do 11 de outubro de 2023, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 10 de outubro de 2023, relativa á solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes dos montes veciñais en man común Veiga do Teso, Corga, Fontela, Paraños e Casa Nova, pertencentes á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Piñeira de Arcos, no concello de Sandiás (Ourense).

Advertido un erro no devandito anuncio, publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 203, do mércores 25 de outubro de 2023, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 58656, no sumario, onde di: «Lagoa, Fontela, Paraños, Devesas, Casanova e outros», debe dicir: «Veiga do Teso, Corga, Fontela, Paraños e Casa Nova».

Na páxina 58658, no último parágrafo, onde di: «Aprobar a proposta de revisión de esbozo do monte veciñal en man común Lagoa, Fontela, Paraños, Devesas, Casanova e outros Lagoa, Fontela, Paraños, Devesas, Casanova e outros», debe dicir: «Aprobar a proposta de revisión de esbozo dos montes veciñais en man común Veiga do Teso, Corga, Fontela, Paraños e Casa Nova».






- Poligonais aprobadas polo Xurado (17.04.2023)
- Poligonais da solicitude
- Concellos_IGN

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 SERVIZO DE MONTES DE OURENSE

Proposta de revisión do esbozo dos MMVVMC "Veiga do Teso", "Corga", "Fontela", "Paraños" e "Casa Nova" pertencentes á CMMVVMC da Pquia. de Piñeira de Arcos, no concello de Sandiás



ESCALA:
1:20000
 DATA:
Abril 2023

Sistema de referencia ETRS89
 Coordenadas UTM
 Fuso 29

BASE CARTOGRÁFICA:
PNOA 2022



Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **4 de novembro de 2024** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:


XX.- O segundo asunto refírese á modificación do perímetro e superficie de varios montes veciñais como consecuencia do remate de varias zonas de concentración parcelaria. Os montes afectados son os seguintes: MVMC "Fontela", "Lomba dos Costeiros", "Lombo do Corgo", "Veiga" e "Veiga de Brandela" (ZCP da Graña, Xunqueira de Ambía); MVMC "Comunal de Amoroce" (ZCP de Amoroce, Celanova); MVMC "Costa Barrosa", "Costa Barrosa e Asnela", "De Madarnás", "Penelas", "Regás", "Regás e Serra de Palmeiro", "Reigoso" e "Turreiro, Regatelleira, Cidade e Penelas" (ZCP de Cartelle, Cartelle); MVMC "De Espiño" e "Montes de Videferre" (ZCP de Espiño-Videferre, Oímbra); MVMC "Do Circo" (Mandín) e "Do Circo" (Feces de Cima) (ZCP de Mandín, Verín) e MVMC "Montes de Oímbra", "Outeiro de Pendón e Veiga", "Touza do Vello e Veiga" e "Xieira e Veiga" (ZCP de Mourazos, Verín).

Vº. e prace

O Presidente do Xurado

José Antonio Armada Pérez






- MVMC "Fontela"
- MVMC "Lomba dos Costeiros"
- MVMC "Lombo do Corgo"
- Liña intermunicipal IGN

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 SERVIZO DE MONTES DE OURENSE

Poligonais resultantes da integración dos novos predios atribuídos pola ZCP da Graña (Xunqueira de Ambía) na superficie dos MMVVMC "Fontela", "Lomba dos Costeiros", "Lombo do Corgo", "Veiga" e "Veiga de Brandela" (1)



ESCALA:
1:10000
 DATA:
Outubro 2024

Sistema de referencia ETRS89
 Coordenadas UTM
 Fuso 29

BASE CARTOGRÁFICA:
PNOA 2023
 +
Catastro